

CRITERIOS XERAIS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

1. O proxecto leva ao desenvolvemento efectivo da *educación en valores* para a vida e a convivencia.
2. O proxecto supón o desenvolvemento eficaz e profundo entre o alumnado das *competencias básicas*.
3. No proxecto utilízanse de xeito eficaz *dinámicas metodolóxicas activas, cooperativas e centradas na experiencia e na contorna* próxima do alumnado.
4. O proxecto *implica os axentes da comunidade educativa* (profesorado, alumnado, familias e institucións do contorno) no desenvolvemento de valores e competencias dentro e fora do centro.
5. O proxecto foi *integrado de xeito eficaz na planificación anual do centro e nas programacións específicas do profesorado* participante creando dinámicas innovadoras.
6. O proxecto conseguiu crear unha *rede de traballo cooperativo e interdisciplinario* para transformar e mellorar a práctica educativa no centro.
7. O proxecto ten un *alto potencial de transferibilidade* tanto no propio centro no que se orixinou como no resto da comunidade educativa galega.

CRITERIOS ESPECÍFICOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

Programa	Criterios específicos
Xogade	Grao de motivación e sensibilización do alumnado polo incorporación de hábitos de vida activa e consumo de actividade física e exercicio físico no seu día a día (realización de enquisas de satisfacción, enquisas de hábitos de vida activa etc.).
	Grao de participación do alumnado nas diferentes modalidades do programa de xogos deportivos galegos en idade escolar, así como desenvolvemento de actividades paralelas dentro do horario lectivo para incorporar, no día a día, os hábitos de vida activa.
	Difusión da participación en Xogade a toda a comunidade educativa do centro empregando diferentes tipos de formatos físicos e tecnolóxicos.
Deportivo de Centro	Grao de motivación e sensibilización do alumnado pola incorporación de hábitos de vida activa e consumo de actividade física e exercicio físico no seu día a día (realización de enquisas de satisfacción, enquisas de hábitos de vida activa etc.).
	Difusión e calidade do traballo realizado polo alumnado para fomentar, dende o centro, a adquisición de hábitos de vida activa e saudable (xeración de actividades, mapas de recursos existentes no ámbito de influencia do centro educativo para a practica de actividade física e exercicio físico etc).

CRITERIOS ESPECÍFICOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

Programa	Criterios específicos
	Calidade e grao de desenvolvemento de actividades dentro do horario lectivo e non lectivo dos/as alumnos/as para a promoción de adquisición de hábitos de vida activa e saudable, incrementando a carga diaria de actividade física.
Máis e Mellor Actividade Física	Grao de motivación e sensibilización do alumnado polo incorporación de hábitos de vida activa e consumo de actividade física e exercicio físico no seu día a día (realización de enquisas de satisfacción, enquisas de hábitos de vida activa etc.).
	Calidade das actividades propostas e desenvolvidas no marco do programa, atendendo aos coñecementos comúns das materias de Educación Física e Coñecemento do Medio.
	Difusión do traballo realizado polo alumnado no centro, comunidade educativa e fogares para transmitir a necesidade de incorporar actividade física no día a día, empregando diferentes tipos de formatos físicos e tecnolóxicos.
Cooperación galega: O mundo que queremos	Grao de coñecemento e habilidades facilitados ao profesorado para a incorporación da EpD no centro educativo.
	Grao de protagonismo asumido polo alumnado na creación dun proxecto educomunicativo e artístico.
	Grao de participación nos espazos xerados de encontro presencial e virtual.
Por 365 días de respecto e igualdade	O proxecto fixo uso efectivo e eficaz da unidade didáctica e demais recursos postos a disposición dos centros pola Secretaría Xeral da Igualdade.
	Calidade técnica no deseño, desenvolvemento e avaliación do proxecto.
	O proxecto achega valor á consideración da educación para a igualdade entre mulleres e homes como elemento organizador dos procesos de ensino-aprendizaxe.
Donas de si	O proxecto fixo uso efectivo e eficaz da unidade didáctica e demais recursos postos a disposición dos centros pola Secretaría Xeral da Igualdade.
	Calidade técnica no deseño, desenvolvemento e avaliación do proxecto.
	O proxecto achega valor á consideración da educación para a igualdade entre mulleres e homes como elemento organizador dos procesos de ensino-aprendizaxe.
Sustentabilidade e Paisaxe	Grao de motivación e sensibilización do alumnado polo respecto pola paisaxe e pola sustentabilidade da súa contorna.
	Grao de desenvolvemento de actividades realizadas a partir dun debate e compromiso do alumnado

CRITERIOS ESPECÍFICOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

Programa	Criterios específicos
	(RETO) por levar a cabo unha acción de mellora da paisaxe e da sustentabilidade na súa propia contorna.
	Difusión do traballo realizado polo alumnado no centro, comunidade educativa, fogares e localidade, para transmitir a capacidade de valorar e promover cambios para mellorar a paisaxe e a sustentabilidade da contorna.
MeteoEscolas	Precisión e frecuencia na toma de datos meteorolóxicos ou na recollida das mostras da auga de chuva, conforme ás recomendacións dadas por MeteoGalicia. Valoración da colocación e mantemento do equipamento.
	Desenvolvemento e impacto do proxecto e obxectivos acadados en relación coa meteoroloxía e a calidade da auga de chuva, segundo a modalidade.
	Nivel de esforzo, interese e implicación do alumnado mostrados durante o desenvolvemento do proxecto.
Terra	Grao de motivación e sensibilización do alumnado na importancia e repercusión que a calidade dos espazos que habitamos ten para as nosas vidas.
	Grao de recoñecemento, valoración e crítica da calidade dos espazos recollidos no proxecto desenvolvido: centro escolar, contorna próxima,....
	Valoración e grao de viabilidade das propostas incorporadas no proxecto para a mellora destes espazos cos medios dispoñibles polo centro e o alumnado ou a comunidade na que se asenta o centro.
Recíclate con Sogama	Grao de calidade do material seleccionado a través dos tres contedores (amarelo, azul e verde) cos que contan as illas de reciclaxe (a calidade será maior canto menor sexa a porcentaxe de impropios – refugallos incorrectamente depositados nos distintos recipientes).
	Grao de desenvolvemento de actividades nas que se impliquen as familias do alumnado nun intento de extrapolar ao ámbito familiar as boas prácticas ambientais materializadas na escola.
	Fórmulas para facer partícipe desta iniciativa ao concello e buscar a súa colaboración e implicación.
Ríos	Participación dos centros de ensino nas actividades formativas programadas dende a coordinación do proxecto (cursos de formación, encontro de voluntariado, roteiríos, cursos monográficos etc.).
	Realización das actividades obrigatorias (dúas inspeccións anuais), rigorosidade na toma dos datos e o seu envío á coordinación do proxecto.

CRITERIOS ESPECÍFICOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

Programa	Criterios específicos
	Grao de cumprimento do proxecto cos compromisos presentados na memoria inicial.
Consumópolis	Coherencia do traballo de equipo cos obxectivos do programa.
	Creatividade na composición do traballo de equipo, claridade na mensaxe e utilización de distintas linguaxes (textual, visual, dixital...).
	Calidade da memoria do proxecto realizada polo alumnado (estrutura, claridade e grao de descrición).
Galicons-net	Coherencia da pescuda realizada polo alumnado cos obxectivos descritos no proxecto.
	Alcance da difusión da información recompilada a outros colectivos da comunidade educativa transmitida polo alumnado.
	Calidade da memoria final e dos materiais producidos.
Clases sen fume	Grao de cumprimento da clase cos compromisos aceptados ao participar en Clases sen Fume: Non fumar durante os seis meses do concurso, enviar o slogan, enviar a actividade creativa.
	Calidade das actividades obrigatorias: slogan e actividade creativa.
	Grao de transferibilidade e influencia dentro e fora do centro de actividades relacionadas coa prevención do tabaquismo -non esixidas- polo concurso, pero xeradas a partir da participación no mesmo.
Salvavidas	Grao de participación e implicación do alumnado na temática sobre doazón e transplantes que se trata no Proxecto Salvavidas (polo menos a temática de tres unidades).
	Grao de participación no programa de charlas divulgativas sobre doazón e transplante organizadas pola Oficina de Coordinación de Trasplantes de Galicia, e no que se valorará a colaboración do centro na organización da actividade e a motivación ao alumnado na participación activa da mesma.
	Calidade do traballo final en formato libre, coa participación de todo o alumnado, de forma individual ou conxunta, e cuxo contido trata sobre o beneficio da doazón e os transplantes.
Quérote+	Grao de cumprimento do centro cos compromisos aceptados para participar no programa.
	Grao de implementación de metodoloxías innovadoras no desenvolvemento das actividades realizadas.
	Grao de consecución dos obxectivos propostos do proxecto.
Parlamento Xove	Calidade da argumentación do tema a debate (capacidade de oratoria, estrutura, creatividade, variedade nas referencias, fontes de investigación, emprego de figuras estilísticas, capacidade de síntese e presentación en medios dixitais).
	Traballo en equipo (coordinación, distribución das funcións, tolerancia, respecto polos demais, fomento

CRITERIOS ESPECÍFICOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

Programa	Criterios específicos
	da iniciativa, autonomía persoal e capacidade crítica responsable).
	Calidade do dossier de investigación sobre o tema a debate.
Rede de Centros Escolares Solidarios	<p>Grao de transformación dos proxectos solidarios de cada centro educativo.</p> <p>Integración de estruturas organizativas solidarias nas dinámicas dos centros.</p> <p>Nivel de asunción de responsabilidades (participación activa e empoderamento) do alumnado no deseño, execución, avaliación e comunicación dos proxectos solidarios.</p>
Correspondentes xuvenís 3.0	<p>Grao de coñecemento das actividades e programas da D.X.de Xuventude e Voluntariado para a mocidade.</p> <p>Nivel de responsabilidades asumidas polo alumnado correspondente e implicación no programa.</p> <p>Nivel de implicación do centro educativo no programa.</p>
Aliménta-T ben	<p>Intención de reparto de froita: Períodos de reparto executados sobre os períodos aprobados.</p> <p>Extensión do reparto de froita: Alumnos aos que efectivamente se lles reparte froita.</p> <p>Variedade de froita: Tipos de froita repartida.</p>
O monte vivo	<p>Número e calidade das actividades relacionadas co programa que foron desenvolvidas durante o curso.</p> <p>Grao de cumprimento do Programa con relación aos compromisos presentados na memoria inicial.</p> <p>Nivel de calidade do traballo final.</p>
Montentérate	<p>Número de visitas realizadas a montes veciñais en man común, montes con certificación da xestión forestal sostible e a aulas forestais e aproveitamento educativo das mesmas.</p> <p>Número de charlas recibidas por persoal da Xunta de Galicia encargado da xestión de montes ou de entidades certificadoras e aproveitamento educativo das mesmas.</p> <p>Número de actividades sobre o terreo relacionadas co programa nos centros seleccionados e aproveitamento educativo das mesmas.</p>
Nós tamén creamos!	<p>Nivel de calidade lingüística, estética e técnica da curta ou curtas realizadas.</p> <p>Grao de implicación do alumnado no desenvolvemento do proxecto.</p> <p>Grao de sensibilización do alumnado sobre a idoneidade e a importancia de lingua galega para a creación artística audiovisual e para os contidos TIC.</p>
Cine en curso	Capacidade de compartir no blogue de Cine en Curso procesos de traballo e experiencias con outros centros e alumnado participante no proxecto



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



galicia

CRITERIOS ESPECÍFICOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

Programa	Criterios específicos
	Capacidade de descubrir a través do cinema os valores patrimoniais, urbanísticos, sociais, culturais paisaxísticos e históricos da súa contorna.
	Capacidade de traballar en equipo e integrar a todo o alumnado.
Fotografía en curso	Capacidade de compartir no blogue de Fotografía en Curso procesos de traballo e experiencias con outros centros e alumnado participante no proxecto e publicar os traballos finais na web de Fotografía en Curso.
	Capacidade de descubrir a través da fotografía os valores patrimoniais, urbanísticos, sociais, culturais paisaxísticos e históricos da súa contorna.
	Capacidade de traballar en equipo e integrar a todo o alumnado.